

**ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DE 28 DE OUTUBRO DE 2019 SOBRE A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA PARTICIPAR NA CONVOCATORIA DUNHA PRAZA DE PROFESORADO CONTRATADO DOUTOR CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2017 DA UNIVERSIDADE DE VIGO**

No Consello de Goberno que tivo lugar o 9 de outubro de 2017, aprobáronse os criterios para a elaboración da oferta de emprego público de persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2017, e en aplicación deste acordo do Consello de Goberno, a COAP, na sesión do 26 de outubro de 2017 acorda aprobar a proposta de oferta de emprego público (OEP) do persoal docente e investigador para o ano 2017.

Unha vez realizado o concurso correspondente a esta OEP e non saíndo a convocatoria dunha das prazas de profesorado contratado doutor, o Consello de Goberno, na sesión de 28 de outubro de 2019, toma o seguinte **ACORDO**:

1. Aprobar a convocatoria e a creación de **1 praza de Profesorado Contratado Doutor na seguinte área de coñecemento**:

PRAZAS	ÁREA	DPTO.	CAMPUS
1	ENXEÑARÍA AEROESPACIAL (495)	ENX. MECÁN., MÁQUINAS E MOTOR. TÉRM E FLUÍDOS (T03)	OURENSE

Contra este acordo, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación (ou dende o día seguinte ao recibimento da súa notificación), de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra este acordo recurso de reposición, no prazo dun mes contados a partir do día seguinte á publicación da presente resolución (ou dende o día seguinte ao recibo desta notificación), perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producira a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Vigo, 28 de outubro de 2019  
 O Reitor  
 Por delegación (RR 01/12/2018)  
 O vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado

Manuel Ramos Cabrer

